- IES N^o 1 (O Carballiño – Ourense)

Charla “A antiga Roma en feminino: grandes mulleres da historia romana”

- IES N^o 1 (O Carballiño – Ourense)
- IES 12 DE OUTUBRO (Ourense)

JOSÉ MARÍA SUÁREZ QUINTANILLA

Profesor Titular de Universidade da Área de Estomatoloxía

Charla “A linguaxe non verbal e a estética facial como medio de comunicación”

- IES ROSALÍA DE CASTRO (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES LAMAS DE ABADE (Santiago de Compostela - A Coruña)

TERESA TABOADA RODRÍGUEZ

Profesora Contratada Doutora da Área de Edafoloxía e Química Agrícola

Charla “Introdución á Xeoloxía Ambiental”

- IES LAMAS DE ABADE (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES PRAIA BARRAÑA (Boiro - A Coruña)

FELIPE TRILLO ALONSO

Profesor Titular da Área de Didáctica e Organización Escolar

Charla “Estudar e aprender na Universidade”

- IES ROSALÍA DE CASTRO (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES MELIDE (Melide - A Coruña)

MARCOS VALCÁRCEL DÍAZ

Profesor Titular de Universidade da Área de Xeografía Física

Charla: “Xeografía... ciencias sociais ou ciencias da terra?”

- IES A PONTEPEDRIÑA (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES DE PONTE CALDEAS (Ponte Caldelas - Pontevedra)

GERMAN VARGAS CALLEJAS

Profesor Contratado Doutor da Área de Teoría e Historia da Educación

Charla “A utopía do bo vivir: educar para unha cultura da sustentabilidade”

- IES CABO ORTEGAL (Cariño - A Coruña)
- IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra)
- IES OROSO (Sigueiro - A Coruña)

MARCO EUGENIO VÁZQUEZ SENTIS

Profesor Titular da Área de Química Orgánica

Charla “A linguaxe do invisible: A representación de átomos e moléculas.”

- IES MELIDE (Melide - A Coruña)

ANTONIO DE VEGA RODRÍGUEZ

Profesor Titular da Área de Química Orgánica

Charla “Lingua, Territorio e Paisaxe”

- IES A PINGUELA (Monforte de Lemos – Lugo)
- IES DE PONTE CALDEAS (Ponte Caldelas – Pontevedra)

ÁNGEL ANTONIO VIZOSO GARCÍA

Profesor Contratado de predoutoramento da Área de Xornalismo

Charla: “Ferramentas para atallar as noticias falsas na era da desinformación”

- IES A PONTEPEDRIÑA (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra)
- IES MONTE CASTELO (Burela – Lugo)
- IES PLURILINGÜE CASTRO DA UZ (As Pontes de García Rodríguez - A Coruña)

ENCONTROS
DO
ENSINO MEDIO
NA
USC 2019-20

PERCORRIDOS

SAÍDA DA RESIDENCIA BURGO DAS NACÍONS ÁS 10:30 (CAMPUS NORTE)

PERCORRIDOS	NUMERO DE ESTUDANTES
1. Filoloxía e Ciencias da Comunicación	251
2. Ciencias Económicas e Empresariais	347
3. Ciencias da Educación (Mestres) e Traballo Social	479
4. Medicina e Enfermaría	423
5. Odontoloxía e Enfermaría	103
6. Xeografía e Historia e Filosofía	146

SAÍDA DA RESIDENCIA MONTE DA CONDESA ÁS 10:30 (CAMPUS VIDA)

PERCORRIDOS	NUMERO DE ESTUDANTES
7. Dereito, Relacións Laborais e Ciencias Políticas e Sociais	326
8. Química e Enxeñaría Química	165
9. Farmacia e Bioloxía	252
10. Enxeñaría Informática e Matemáticas	371
11. Física e Matemáticas	130
12. Física e Química	86
13. Optica e Optometría	20
14. Psicoloxía e Ciencias da Educación	297

Pola tarde realizaron visitas ás Residencias Universitarias, ó Museo de Historia Natural, á Cidade da Cultura e ó Centro Superior de Hostalaría de Galicia,

Total de alumnos que participaron no Campus

TOTAL ALUMNOS	3396
TOTAL CENTROS	63

Relación de centros que visitaron o Campus de Santiago de Compostela:

CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA	A CORUÑA	A CORUÑA
IES»RAFAEL PUGA RAMÓN»	A CORUÑA	A CORUÑA
IES DA POBRA DO CARAMIÑAL	A POBRA DO CARAMIÑAL	A CORUÑA
IES DE AMES	AMES	A CORUÑA
IES DO MILLADOIRO	AMES	A CORUÑA
IES MANUEL MURGUÍA	ARTEIXO	A CORUÑA
IES DE ARZÚA	ARZÚA	A CORUÑA
IES ESPIÑEIRA	BOIRO	A CORUÑA
IES DE BRIÓN	BRIÓN	A CORUÑA
IES MONTE NEME	CARBALLO	A CORUÑA
IES PUNTA CANDIEIRA	CEDEIRA	A CORUÑA
IES FERNANDO BLANCO	CEE	A CORUÑA
IES DE CURTIS	CURTIS	A CORUÑA
I.E.S. CONCEPCIÓN ARENAL	FERROL	A CORUÑA
IES SATURNINO MONTOJO	FERROL	A CORUÑA
IES MELIDE	MELIDE	A CORUÑA
IES AS TELLEIRAS	NARÓN	A CORUÑA
IES TERRA DE TRASANCOS	NARÓN	A CORUÑA
CPR HIJAS DE CRISTO REY	OLEIROS	A CORUÑA
IES MACÍAS O NAMORADO	PADRÓN	A CORUÑA
IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS	PERILLO-OLEIROS	A CORUÑA
IES BREAMO	PONTEDEUME	A CORUÑA
IES FRAGA DO EUME	PONTEDEUME	A CORUÑA
IES DE PORTO DO SON	PORTO DO SON	A CORUÑA
IES Nº1 DE RIBEIRA	RIBEIRA	A CORUÑA
IES ISAAC DÍAZ PARDO	SADA	A CORUÑA
COLEXIO LA SALLE	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
I.E.S ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ARCEBISPO XELMÍREZ I	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ARCEBISPO XELMÍREZ II	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES PONTEPEDRIÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES. AS FONTIÑAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
SEMINARIO MENOR	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA

CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA
IES BECERREÁ	BECERREÁ	LUGO
IES DA TERRA CHÁ «JOSÉ TRAPERO PARDO»	CASTRO RIBEIRAS DE LEA	LUGO
IES VAL DO ASMA	CHANTADA	LUGO
IES POETA DÍAZ CASTRO	GUITIRIZ	LUGO
IES A PINGUELA	MONFORTE DE LEMOS	LUGO
IES MONTERROSO	MONTERROSO	LUGO
IES MARQUÉS DE SARGADELOS	SAN CIBRAO-CERVO	LUGO
IES GREGORIO FERNANDEZ	SARRIA	LUGO
IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO
IES MANUEL CHAMOSO LAMAS	O CARBALLIÑO	OURENSE
IES Nº 1	O CARBALLIÑO	OURENSE
IES XESUS TABOADA CHIVITE	VERIN	OURENSE
IES JOHAN CARBALLEIRA	BUEU	PONTEVEDRA
IES CHANO PIÑEIRO	FORCAREI	PONTEVEDRA
I.E.S CHAN DO MONTE	MARIN	PONTEVEDRA
IES PINO MANSO	O PORRIÑO	PONTEVEDRA
IES DO BARRAL	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
COLEGIO SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
IES PEDRO FLORIANI	REDONDELA	PONTEVEDRA
IES ANTÓN ALONSO RÍOS	TOMIÑO	PONTEVEDRA
IES RIBEIRA DO LOURO	TORNEIROS (O PORRIÑO)	PONTEVEDRA
IES DE VALGA	VALGA	PONTEVEDRA
COLEXIO PLURILINGÜE MARÍA AUXILIADORA VIGO	VIGO	PONTEVEDRA
CPR SAN JOSÉ DE CLUNY	VIGO	PONTEVEDRA
IES A GUÍA	VIGO	PONTEVEDRA
IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA
IES CASTRO ALOBRE	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA
IES FERMÍN BOUZA BREY	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA
IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTEVEZ	VILAGARCÍA DE AROUSA (O CARRIL)	PONTEVEDRA



CAMPUS DE LUGO

Neste curso 2019-20 estaba previsto que os Encontros no Campus de Lugo tiveran lugar os días 2 e 3 de abril de 2020, en combinación coa mostra “A USC Camiña - Xornadas de achegamento á USC” amosando toda a oferta formativa e de servizos que ofrece o Campus Lucense para a comunidade universitaria. A situación sanitaria impediu a celebración destes encontros presenciais e a mostra que estaba previsto desenvolver de forma paralela.

Ante esta situación a Universidade estaba obrigada a buscar alternativas para facer chegar aos estudantes interesados a información que a pandemia lles estaba dificultando. O 16 de marzo empezamos a organizar os “Encontros Virtuais” que tiveron lugar o 6, 7 e 8 de abril, coincidindo co luns, martes e mércores de Semana Santa.

ENCONTROS
(VIRTUAIS)
NA
ZONA USC
CURSO 2019/20

O estudiantado podía entrar mediante as ligazóns desa páxina inicial na páxina específica de cada centro onde atopaba vídeos e información relacionada coa titulación do seu interese. Ademais, en cada unha desas páxinas había unha ligazón para que o estudante puidera interactuar, mediante videoconferencia síncrona, con profesorado e estudiantado dos distintos graos que se imparten nos centros dos campus de Lugo e Santiago.

O alumnado titor do Programa A Ponte, especialmente o do Campus de Lugo que non tivo a oportunidade de participar nos Encontros presenciais, colaborou na elaboración de información para a páxina web, a través de vídeos contando a súa experiencia académica e de vida universitaria, e tamén participou nas videoconferencias contestando a preguntas e resolvendo dúbidas do estudiantado preuniversitario. Tamén houbo contribucións para fomentar a participación do estudiantado a través de xogos e retos relacionados con diversos estudos de grao.

Os Encontros virtuais contaron con 16.904 entradas á páxina de inicio, 1.353 entradas á Oficina de Información Universitaria e 19.359 entradas as páxinas dos centros e 764 aos servizos da USC.

Aproveitamos este resume para agradecer aos centros de ensino medio a súa axuda para dar a coñecer ao seu estudiantado a dirección da páxina de inicio dos encontros virtuais.

Como continuidade e complementariedade a estes “Encontros Virtuais” o 14 e 15 de xullo tiveron lugar as “Xornadas de Orientación para o Acceso” nas que se ofreceu información sobre o proceso de solicitude das titulacións e o acceso á universidade.

O programa A Ponte aportou a súa experiencia e colaboración para a organización da primeira Feira Virtual de Másteres da USC que tivo lugar o 30 de xuño, organizada pola Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional.

CURSO

«PROGRAMA DE ESTUDANTES
TITORES E ORIENTADORES ACADÉMICOS»

A primeira etapa do Programa de Titores e Orientadores Académicos consiste nun curso de formación do alumnado seleccionado para que coñeza o funcionamento da USC, tanto no que respecta á estrutura de goberno e o funcionamento das actividades administrativas e académicas como no que atinxe aos distintos servizos e actividades que a USC pon a disposición do estudantado. No curso seguinte este alumnado titoriza o estudantado que se incorpora á Universidade participando nas xornadas de recepción e dálles apoio para axudarlles a resolver calquera tema ou dúbida que se lles presente, tanto académica como de xestión administrativa ou de tipo persoal. Tamén desenvolven tarefas de apoio para a acollida aos estudantes de intercambio (Erasmus, SICUE e de intercambio bilateral) e para o Servizo de Voluntariado. Ademais colaboran co programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio, no desenvolvemento do Programa Encontros na Zona USC e nos Encontros Virtuais, nas Feiras de Orientación e outras actividades que se organizan ao longo do curso.

CURSO DE FORMACIÓN DE TITORES E ORIENTADORES ACADÉMICOS

O curso de formación ten unha Parte Xeral, común para todo o estudantado seleccionado e que organiza o Programa A Ponte, e unha Parte Específica que organizan os responsables de cada centro para o estudantado das súas titulacións. A Parte Xeral que empezou a desenvolverse durante o mes de marzo de 2020 tivo que interromperse polo Estado de Alarma e continuou no mes de setembro de 2020. Detallamos a continuación o programa da Parte Xeral do curso, xunto cos docentes que o imparten:

Parte xeral:

TEMARIO	PROFESORADO
1. A USC. Organización e Servizos	José Luis Braña Rey Rocío Álvarez Arias
2. Actividades Culturais e Deportivas	Pablo Sampedro Magán Alexandre Cadarso Suárez Jesús Castro López
3. As relacións administrativas alumno – universidade.	Silvia Villegas Ramos Rocio Álvarez Arias

TEMARIO	PROFESORADO
4. Protocolo a seguir fronte a COVID-19	Javier Ferreira Fernández Pilar Martínez García
5. CLM formación, avaliación e acreditación de competencias lingüísticas	Katerina Vlasakova Marta Busto Núñez
6. A participación desde a USC: voluntariado, cooperación e integración	Javier Agrafojo Fernández Fátima Teixeira Vázquez
7. A Calidade na USC	José Manuel Villanueva Prieto
8. Programas de Mobilidade	Víctor Manuel Arce Vázquez Jesús Varela Zapata
9. Plan de Desenvolvemento Sostible	Silvana Longueira Matos
10. A titoría e a orientación universitaria/ Titoría entre iguais: planificación e recursos	María Julia Diz López
11. Técnicas de Comunicación	Roi Méndez Fernández Pablo Vázquez Sande
12. O Desenvolvemento da Carreira Profesional	Eva López Barrio Carmen José López Gloria Cruz Amil

Parte específica:

Cada centro forma aos seus titores sobre as particularidades do mesmo:

- Plans de estudos
- Intercambios existentes
- Saídas profesionais
- Etc.

Esta parte específica é responsabilidade de cada centro e impártese no número de sesións que estima oportuno.

«BACHARELATO STEMbach»





Xa hai anos que “A Ponte” organiza actividades que encaixan con esta finalidade. Entre outras actividades, o programa de Charlas Temáticas ou as visitas que xa viña organizando a USC para estudantes de Ensino Medio están aliñadas coa finalidade deste novo bacharelato que busca a conexión directa co ensino universitario.

A Universidade de Santiago de Compostela propiciará o desenvolvemento doutras actividades complementarias de formación organizadas polos centros en colaboración coa universidade ou con persoas investigadoras de recoñecida competencia (conferencias, obradoiros ou proxectos).

A páxina Web (<https://www.usc.gal/gl/stembach>) recolle unha gran variedade de proxectos de investigación nos seus diferentes centros e facultades (<https://www.usc.gal/gl/stembach/proxectos>). Así mesmo, o profesorado da USC está a disposición dos centros educativos para colaborar na dirección doutros proxectos de investigación que sexan propostos.

Aos 57 proxectos que se ofertaron para o bienio 2019-2021 e que se exporán neste curso 2020-21 xa hai que sumar unha oferta inicial de 67 proxectos para o bienio 2020-2022 aos que se lle irán sumando outros, froito da colaboración continua entre o Persoal Docente e Investigador da USC e o profesorado de Ensino Medio, que acabarán expoñéndose todos eles no curso 2021-22.

ACTO DE
RECOÑECIMIENTO

AOS

MELLORES
ESDUDANTES

DE CENTROS DE ENSINO MEDIO DE GALICIA NAS
PROBAS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO
PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

Pode verse o vídeo do acto na seguinte ligazón:

<http://tv.usc.es/serial/index/id/674>

Para levar a cabo o acto, dende o programa "A Ponte" da USC enviámoslle o diploma a cada un dos estudantes dicíndolles que, os que desexaran participar no acto, podían enviarnos unha foto.

Abriu o acto o reitor e a continuación interveu a estudante Eva Sanmartín Vázquez en representación dos homenaxeados e o profesor Manuel Portas Fernández en representación do profesorado de ensino medio.

A continuación o coordinador do Programa A Ponte leu o nome de cada un dos estudantes homenaxeados ao mesmo tempo que proxectaba a súa foto. Os estudantes presentes recollían o diploma de parte das autoridades e, no caso dos que estaban seguindo o acto por *streaming* eran os seus pais ou familiares os que lle facían entrega do diploma, que a USC lles enviara de forma previa, en nome do reitor da USC.

Finalizou o acto coa intervención da concelleira de Benestar, Inclusión e Terceira idade do Concello de Lugo, do alcalde de Santiago de Compostela e co peche do mesmo por parte do reitor da Universidade.

O seguinte cadro recolle o reparto dos estudantes por provincia e sexo.

Provincia	Nº total de alumnos/as	Mulleres	Homes
A CORUÑA	472	180	292
LUGO	160	55	105
OURENSE	91	25	66
PONTEVEDRA	320	102	218

Discurso de Eva Sanmartín Vázquez, estudante do IES Santiago Basanta Silva de Viveiro, que interveu en representación dos homenaxeados

Señor Reitor Magnífico, autoridades, compañeiros, familias, boa tarde.

En primeiro lugar, desexaría felicitar a todos os meus compañeiros e compañeiras polos excelentes resultados acadados na ABAU. Hoxe estamos celebrando os bos froitos do noso esforzo, que neste ano singular estivo condicionado polas excepcionais circunstancias que nos tocou vivir e que dificilmente poderemos esquecer. Rematamos esta etapa dun xeito que ninguén podería ter imaxinado e que nos esixiu adaptarnos a novas formas de ensino, tanto a nós, o alumnado como ao profesorado.

No nome dos meus compañeiros e no meu propio, gustaríame dar as grazas ao profesorado que nos acompañou durante todos estes anos, guiándonos e axudándonos a crecer como persoas. Tamén ás nosas familias, porque sen o seu apoio incondicional non conseguiríamos chegar ata onde hoxe estamos.

Igualmente, mostrar o noso agradecemento a todas aquelas persoas que, dun xeito ou outro, fan posible este acto de recoñecemento do noso traballo. Traballo que realizamos con compromiso,

dedicación e constancia, que non estivo exento de momentos de desánimo, pero estes non nos fixeron abandonar nin deixar de loitar por acadar os nosos obxectivos. Debemos sentirnos orgullosos do alcanzado, e espero que isto sirva de inspiración para outros rapaces e rapazas.

Nos anos vindeiros, atoparemos, con seguridade, numerosos obstáculos, atrancos e dificultades. Experimentaremos derrotas e fracasos. Con todo, estes deben ser unha oportunidade para avaliar as nosas accións, aprender e seguir adiante con máis forza. Como dixo Einstein: “sen crises non hai desafíos, sen desafíos a vida é unha rutina, unha lenta agonía. Sen crises non hai méritos.”

A partir de agora, comezamos con ilusión unha nova etapa nas nosas vidas. Avanzando con confianza, converterémonos no motor que impulsa o progreso, sen perder de vista os valores aprendidos e de onde parten as nosas raíces, traballando arreo, cada un desde o seu campo, coa esperanza de contribuír a un futuro mellor para a nosa sociedade.

Eva Sanmartín Vázquez
IES Santiago Basanta Silva, Vilalba – Lugo.

Acto de recoñecemento aos estudantes que acadaron os mellores expedientes dos Centros de Ensino Medio de Galicia

Salón Nobre do Colexio de Fonseca
Universidade de Santiago de Compostela

23 de xullo de 2020

USC



USC



Dna. Eva Sanmartín Vázquez
IES Basanta Siva de Vialba. En representación do alumnado

USC



D. Manuel Portas Fernández
Director do IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela. En representación dos centros

USC



USC



Dna. Olga López Racamonde
Concelleira de Benestar, Inclusión e Terceira Idade do Concello de Lugo

USC



USC



USC

Discurso do profesor Manuel Portas Fernández, director do IES Xelmirez I de Santiago de Compostela, que interveu en representación do profesorado de ensino medio

Sr. reitor da USC, Sr. alcalde de Santiago, Sras. vicerreitoras, Sra. concelleira de Benestar, Inclusión e Terceira Idade do Concello de Lugo, Sr. delegado do reitor para o Ensino Medio, representantes do alumnado e das súas familias.

Cando hai un par de días, Celso Rodríguez, compañeiro de andainas das ABAU hai anos, daquela chamada *selectividade* (concepto, palabra fea onde as haxa), chamou para me propor que interviñese neste acto, pensei se sería polo feito de ostentar a Dirección dun dos institutos decanos de Galiza (este malfadado ano celebramos o 175 aniversario), ou por ser un dos Directores máis veteranos en activo, pero axiña comprendín con alegría que non, que era porque entre o alumnado presente neste acto, parte do que hoxe se reconece, hai varios alumnos e alumnas do centro en que traballo. Mellor que sexa por ese motivo, e non pola miña pertenza ao colectivo etario dos máis vetustos, dos senex do mundo da educación.

A excepcionalidade da situación sanitaria obriga a un modelo de acto diferente, onde os poucos e poucas que aquí estamos perante as autoridades representamos a todo o ensino medio galego.

Excepcionalidade do acto, excepcionalidade deste fin de curso, excepcionalidade na maneira en que tivemos que traballar, no esforzo desenvol-

vido polo profesorado e o alumnado e tamén as súas familias para chegar até aquí. Digo esforzo, esforzo titánico, saliento, e non exaxero. Que o digan senón os mozos e mozas que hoxe representan neste acto ao conxunto do alumnado de 2º de bacharelato. De feito, sodes a xeración, o curso, que padeceu con maior intensidade as consecuencias socio-educativas e psicolóxicas da pandemia e do seu conseguente confinamento. Pasarán os anos, e nesta sociedade todo o mundo lembrará este curso 2019-2020 pola eclosión do Covid.

Esfuerzo do alumnado, traballando na casa, sen saír, sen case tempo para o lecer, e esforzo do profesorado, que estivo colaborando convosco ao outro lado da cámara do computador, do correo electrónico, do teléfono, do Whatsapp. Nós, os e as ensinantes, non esperamos aplausos, como tampouco os agardan os profesionais da sanidade: non somos heroes, aínda que si lles pedimos ás autoridades condicións dignas para traballar se se volve producir –oxalá non–, unha situación similar no próximo curso. Precisamos máis recursos materiais, basicamente tecnolóxicos, e máis recursos humanos para poder seguir brindando un ensino de calidade, que forme persoas cultas, xa que logo libres, humanas e humanistas, non sim-

ples máquinas, non simples engraxes para un mercado laboral escaso e sedento en moitos casos de persoas sen personalidade. Cando nos centros podemos traballar con medios e con esta filosofía, o resultado final son xeracións como a vosa, á que pertencedes as e os que estades aquí, as e os que nos están vendo e escoitando desde as vosas casas, e todo aquel alumnado que por diferentes razóns non chegan a obter esa excelencia que a vós se vos reconece.

Como acabo de dicir, neste acto síntome representante do colectivo de ensinantes, dos e das ensinantes do ensino público, aquel que procura a formación das capas máis novas da nosa sociedade, desde o principio básico da igualdade de oportunidades, independentemente da extracción social ou da capacidade económica das súas familias, e como tal sinto ese san orgullo do labor ben feito de tantos e tantas profesionais que hoxe celebran que un grupo dos nosos estudantes acade o éxito académico, a excelencia académica.

Polo de pronto, e como vén sendo habitual, á espera da ansiada sensibilidade das administracións educativas, irémonos alimentando coa gratitude dos nosos alumnos e das nosas alumnas, coa

gratidade das súas familias, sabedoras como son da importancia do labor que realizamos.

Mais, ollo!, o profesorado non pretende colocarse medallas que non lle corresponden: o mérito de estades aquí é voso e, como non, tamén do apoio e desvelos da vosa contorna familiar. O esforzo sempre trae consigo os seus froitos. A vontade, a ambición de saber, de coñecer, de entender o mundo que nos rodea, brinda como resultado persoas capaces, coma vós, que nun futuro moi próximo estaredes chamados a capitanear esta sociedade. Porque non estades no mundo só para comprender e saber, senón tamén para actuar, para cambialo, en definitiva para melloralo. E iso que nós, os da nosa quinta, non somos grande exemplo, porque vos deixamos un mundo cheo de inxustizas, de desequilibrios, de atentados ao planeta (o covid non deixa de ser unha consecuencia máis).

E facédeo coas raíces chantadas no chan, non esquecendo nunca este país que vos viu nacer, que contribuíu á vosa formación, porque sen vós, sen a xente nova, sen a xente nova capacitada, esta sociedade está condenada a languidecer e a morrer. Paremos a sangría de cerebros, das xeracións de homes e mulleres mellor preparados da

nosa historia e contribuíde a que os vosos semellantes poidan vivir mellor, comezando polos que comparten convosco nacemento, cultura, lingua. A lingua, a máis importante seña de identidade, non a esquezades nunca.

A vida é moitas veces un tourmalet e vós ides na cabeza, na escapada. Seguro que é polo voso espírito deportivo, pola vosa afouteza, ganas, esforzo. Mais sen equipo por detrás non hai líder que aguante. Non é só que sexa por natureza humana, é que sen solidariedade, sen traballo en conxunto, non hai éxito. Somos sociedade. Dela vimos. A ela nos debemos.

E xa termino, parabenizando á organización deste acto e agradecendo á institución organizadora por me permitise dirixirme a vós. Grazas a vós, alumnos e alumnas, por facernos sentir útiles, e tan fachendosos. Moita sorte no camiño que agora se vos abre. O futuro é voso.

Sr. reitor, aquí vos deixamos o máis selecto do noso alumnado. Facede del esa xeración imprescindible.

Moitas grazas

Manuel Portas Fernández
Director do IES Xelmírez I,
Santiago de Compostela

CAMPUS CIENTÍFICO
(CCV 2020)

Un ano máis a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) seleccionou o proxecto da Universidade de Santiago para organizar un dos 12 Campus Científicos de Veroa.

Estaba previsto que cada unha das catro semanas, entre o 29 de xuño e o 26 de xullo, se achegaran a Santiago un grupo de 36 estudantes de 4º de ESO e 1º de Bacharelato para traballar en grupos de 9 estudantes nas aulas e laboratorios da Escola Técnica Superior de Enxeñaría e nas Facultades de Bioloxía, Física e Matemáticas dirixidos por profesores da USC en colaboración cun profesor de ensino medio.

Os proxectos seleccionados foron:

NOME DO PROXECTO	LUGAR DE REALIZACIÓN
Antibacterials hunters: á busca de novos axentes antimicrobianos	Profesor Jesús López Romalde FACULTADE DE BIOLOXÍA
¿Como eliminar a contaminación da auga? Atrévete a investigar e innovar no laboratorio	Profesor Gumersindo Feijoo Costa ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA
MathematiCSI: Mathematical Scene Investigation	Profesora M ^a Victoria Otero Espinar FACULTADE DE MATEMÁTICAS
Buscando partículas no maior acelerador da historia. LHC	Profesor Xavier Cid Vidal FACULTADE DE FÍSICA

Desafortunadamente a situación sanitaria obrigou a suspensión do Campus Científico de Veroa.

CAMPUS DE VERÁN XUVENCIENCIA EN REDE 2020

Non é doado facer unha actividade que substitúa o Campus de Verán XuvenCiencia, a cita científica adolescente da USC en Lugo que, se non fose pola pandemia de Covid-19, tería acadado os primeiros días de xullo a súa oitava edición. Para manter viva a lapa de XuvenCiencia e darlle unha oportunidade de lecer diferente ao alumnado galego de 4º de ESO, BAC e ciclos medios de FP naceu XuvenCiencia en Rede 2020, unha proposta *online*, pero nada virtual, para traballar de xeito colaborativo.




Sesión inaugural de #XuvenCiencia2020 en Rede a través de videoconferencia. No sentido das agullas do reloxo, Wajih Al-Soufi, Montserrat Valcárcel, Antonio Gregorio e Mercedes Novo.

As e os xuvencientíficos, as e os valentes que despois dun curso atípico e cheo de inquiredanzas decidiron matricularse en XuvenCiencia en Rede, puideron elixir tomar parte de dous proxectos de experimentación.


Por unha banda, *Ti e o tempo* resultou unha proposta na que medir as luces e as sombras, realizar cálculos físicos e reflexionar sobre os movementos dos corpos celestes. As e os participantes neste obradoiro souberon comprobaron que en Galicia, durante o horario de verán, o mediodía civil prodúcese arredor de 2 horas e 45 minutos despois có horario solar. Durante a semana aprenderon a distinguir diferentes tipos de reloxos de sol e foron quen de construír e situar os seus propios reloxos de sol para que estes dean a hora con precisión.

Polo que respecta a *Somos o que comemos?*, as e os participantes no proxecto difundiron unha enquisa sobre os hábitos, inquiredanzas e actitudes cara aos alimentos de proximidade e ecolóxicos, amparados en denominacións de orixe ou razas autóctonas, e o medio rural no que se producen. Con máis de 800 respostas obtidas, traballaron arreo no tratamento e interpretación estatística dos resultados preliminares.


Un paseo polos reloxo de sol




O monumento megalítico de Stonehenge (Inglaterra)
Construíuse durante centos de anos e non se sabe ben para que se utilizou, aínda que moitos din que era un lugar para a celebración de ceremonias relixiosas.




A Torre dos Ventos de Atenas
É a primeira estación meteorolóxica do mundo. Conta con reloxo de sol, un reloxo de auga e unha veleta de vento.




O reloxo do Jantar Mantar de Jaipur (India)
Data do século XVIII. Considerado o máis grande do mundo. Forma parte dun observatorio astronómico.



O reloxo de sol do Val dos Deuses de Exipto
O máis antigo do que se ten noticia. Está feito dunha peza de pedra caliza cun semicírculo negro dividido en seccións.



Chichen Itzá (México)
Os mayas usaban a sombra dos seus monumentos para marcar o paso do tempo. Para eles cambio de estación manifestábase como luz nas fachadas. No templo de Kukulcán pódese ver este fenómeno a diario, sobre todo no equinocio.



Reloxo ecuatorial do Parque do Pasatepo de Betanzos
Actualmente atópase nas instalacións da Escola Obradoiro de Betanzos. Destaca por ter representada unha porción do anel ecuatorial terrestre coas horas.

Ao mesmo tempo, XuvenCencia en Rede puxo en marcha como novidade un *Obradoiro de Medios* para documentar o campus e darlles visibilidades aos resultados que se foron obtendo. XuvenCencia Magacine é un único medio oficial de #XuvenCencia2020 en Rede e nel pódense atopar reportaxes e infografías relacionados cos proxectos *Ti e o tempo* e *Somos o que comemos?*, entrevistas que nos dan a coñecer un pouco mellor o alumnado desta edición, así como outros moitos contidos complementarios: galerías de divulgadores/as científicos/as célebres, unha serie de traballos sobre a ciencia e a ficción en diferentes soportes...

A fin de festa chegou da man de Óliver Laxe, o director de cinema orixinario dos Ancares lugueses que leva gañados tres premios coas súas tres primeiras películas no festival de Cannes e que con *O que arde* se fixo tamén merecedor de dous Goya da academia de cine española. 'A procura da autorrealización' é o título da conferencia, pronunciada desde a Casa do Saber da Vicerreitoría da USC en Lugo e que se emitiu en streaming a través da canle de YouTube do Campus Terra. As e os nosos xuvencientíficos realizaron preguntas a través dun chat e Oliver Laxe respondeunas nos compases finais da súa intervención.



OUTRAS ACTIVIDADES

XORNADA DE ORIENTACIÓN PRE-UNIVERSITARIA NA USC: A TRANSICIÓN DA EDUCACIÓN SECUNDARIA Á UNIVERSIDADE

Este curso 2019-20 o Programa A Ponte organizou un seminario, cunha duración de 8 horas, dirixido aos orientadores de Ensino Medio.

Os obxectivos do seminario poden resumirse en:

- Profundar no proceso de transición da educación secundaria á universidade e na súa problemática.
- Ofertar información relevante ós/ás orientadores/as que lles facilite a función de axuda para a exploración e o coñecemento do contexto universitario no proceso de toma de decisións do alumnado.
- Propiciar a reflexión sobre a incorporación da perspectiva de xénero á orientación pre-universitaria e por á disposición dos/das orientadores/as ferramentas útiles para a intervención orientadora non sexista na transición do alumnado á universidade.
- Servir de punto de encontro entre os/as orientadores/as e a USC para favorecer un espazo colaborativo e de comunicación.

Programa

- Conferencia: “Transición educación secundaria-universidade”. (90’).
Relatora: María Luisa Rodríguez Moreno (UB).
- A información pre-universitaria no proceso de toma de decisións.
 - As titulacións universitarias: EEES, ECTS, proceso de verificación, seguimento e acreditación, os dobres graos. (30’)
Relator: Celso Rodríguez Fernández (USC).
 - A oferta educativa na USC. (60’)
Relatora: Silvia Villegas Ramos. Xefa da UXA do Campus Sur.
 - A vida universitaria para os futuros estudantes: o servizo universitario de residencias, programa deportivo e cultural, etc. (90’).
Relatores: Antonio Delgado Suárez (Área de Servizos á Comunidade Universitaria); Alexandre Cardaro Suárez (Área de Deportes); Pablo Sampedro Magán e Eloy Blanco Posada (Área de Cultura).
- Os servizos de apoio ao emprego e o emprendemento na USC.
 - A orientación laboral: apoio para o achegamento e a planificación do futuro profesional (60’).
Relatora: Celia Conde-Pumpido. Área de Orientación Laboral e Emprego
 - A USC Emprendedora: accións e recursos para o impulso ao emprendemento (30’).
Relatora: Eva López Barrio. Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (USC).
- Obradoiro: “A elección académico-profesional non sexista”. (120’)
Relatora: María José Méndez Lois (USC).

